

Primaria

# Valores Sociais e Cívicos 3

Programación

## Trimestre 1

1. Presentación do trimestre
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos do trimestre/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

## 1. PRESENTACIÓN DO TRIMESTRE

### Título

Voume facendo maior.

### Descrición do trimestre

Neste bloque procurouse atender aqueles aspectos que teñen que ver co coñecemento e coa valoración das calidades propias e persoais, procurando introducir ideas que serven para o desenvolvemento e a madureza persoais: aprender a esperar e a organizarse, axudar aos demais, valorar a todas as persoas, etc.

Incidíuse especialmente na apreciación positiva das propias calidades.

Por medio das diferentes actividades propostas nas unidades deste trimestre, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiran os coñecementos seguintes:

- Tomamos conciencia do noso aspecto e asumímolos como parte de nós.
- Imos gañando confianza en nós mesmos, sendo capaces de facer cada vez máis cousas.
- É moi importante aprender a ter paciencia.
- É importante aprender a organizar o tempo propio, para o que pode ser útil unha axenda.
- Todos debemos colaborar no fogar.
- As diferenzas persoais son unha fonte de riqueza, pero non afectan a dignidade persoal.

### Temporalización:

Unidade 1. Gústome	Setembro	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
Unidade 2. Así son eu	Setembro	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	Outubro	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Unidade 3. Sabes esperar?	Outubro	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
Unidade 4. Eu organizome!	Outubro	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	Novembro	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Unidade 5. Axudo na casa	Novembro	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
Unidade 6. Oportunidades para todos	Novembro	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	Decembro	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Unidade 7. Pensando un pouquiño máis	Decembro	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Valorar o propio aspecto e recoñecer as calidades persoais, coas súas limitacións, pero tamén coas súas virtudes.
- Desenvolver estratexias para a resolución de problemas na vida cotiá e académica, tales como a xestión da paciencia e a organización.
- Adquirir conciencia da importancia da colaboración de todos no fogar.
- Aprender a valorar a todas as persoas independentemente das súas diferenzas.

### 3. CONTIDOS DO TRIMESTRE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Gústame como son.</li> <li>• Coñézome máis e mellor.</li> <li>• Aprendo a ter máis paciencia.</li> <li>• Organízome ben cunha axenda.</li> <li>• Axudo na casa.</li> <li>• Recoñezo os dereitos e as calidades dos demais.</li> <li>• Aprendo a facerme preguntas correctamente.</li> </ul>	1. Asumir as calidades propias como un punto de partida para mellorar mediante o esforzo.	1.1. Recoñece as súas calidades físicas, aprecia as súas virtudes e asume os seus defectos.
	2. Consolidar unha forma persoal de ser respectable e digna.	2.1. Explica a importancia de querer-se a un mesmo e de querer os demais. 2.2. Actúa de xeito respectable e digno.
	3. Valorar a importancia da perseveranza na construción da personalidade.	3.1. Recoñece, describe e aprecia estratexias de resiliencia. 3.2. Representa a súa personalidade de xeito positivo.
	4. Mellorar a capacidade de emprendemento autónoma.	4.1. Entende o valor dunha axenda persoal. 4.2. Organiza o seu tempo dun xeito adecuado.
	5. Desenvolver o compromiso respecto a un mesmo e aos demais.	5.1. Entende e expón as vantaxes da axuda aos demais. 5.2. Colabora na casa e cos seus compañeiros.
	6. Esforzarse para conseguir alcanzar metas positivamente valiosas, individuais e colectivas.	6.1. Recoñece os dereitos dos demais. 6.2. Xera confianza nos seus compañeiros a través do seu esforzo. 6.3. Propón solucións para problemas de traballo en grupo.
	7. Incrementar a capacidade de considerar retos correctamente.	7.1. Razona e formula correctamente problemas adecuados para a súa idade.

#### 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (A) / Proposta didáctica (PD)

Estándares de aprendizaxe avilables	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Recoñece as súas calidades físicas, aprecia as súas virtudes e asume os seus defectos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades das unidades 1 e 2 do A.</li> <li>• Actividades de aprendizaxe cooperativa da PD.</li> </ul>
2.1. Explica a importancia de quererse a un mesmo e de querer aos demais. 2.2. Actúa de xeito respectable e digno.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades das unidades 1-3 do A.</li> <li>• Selección de actividades complementarias da PD.</li> </ul>
3.1. Recoñece, describe e aprecia estratexias de resiliencia. 3.2. Representa a súa personalidade de xeito positivo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades das unidades 2 e 3 do A</li> <li>• Actividades do repaso do primeiro trimestre do A.</li> <li>• Actividades complementarias da PD.</li> </ul>
4.1. Entende o valor dunha axenda persoal. 4.2. Organiza o seu tempo dun modo adecuado.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades da unidade 4 do A.</li> <li>• Actividades complementarias da PD.</li> </ul>
5.1. Entende e expón as vantaxes da axuda aos demais. 5.2. Colabora na casa e cos seus compañeiros.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades das unidades 5 e 6 do A.</li> <li>• Actividades de ampliación da PD.</li> </ul>
6.1. Recoñece os dereitos dos demais. 6.2. Xera confianza nos seus compañeiros a través do seu esforzo. 6.3. Propón solucións para problemas de traballo en grupo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades da unidade 6 do A.</li> <li>• Actividades de aprendizaxe cooperativa da PD.</li> </ul>
7.1. Razona e formula correctamente problemas adecuados para a súa idade.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades da unidade 7 do A.</li> <li>• Actividades complementarias da PD.</li> </ul>

## 5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos escritos.	Entende o enunciado dos exercicios sen necesidade de axuda.
	Gozar coa lectura.	Comprende os textos das unidades.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.	Considera calquera situación problemática seguindo o razoamento lóxico e as estratexias de resolución de problemas.
<i>Competencia dixital.</i>	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	É capaz de realizar as actividades dixitais.
<i>Aprender a aprender.</i>	Planificar os recursos e os pasos necesarios no proceso de aprendizaxe.	Segue os pasos establecidos na resolución de problemas.
	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, independente,....	Incrementa a súa capacidade de realizar tarefas sen axuda.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.	Desenvolve a capacidade de diálogo cos demais e recoñece a riqueza na diversidade de opinións e ideas.
	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Esfórzase e persevera na súa aprendizaxe: atende, participa e realiza as actividades con interese.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Identifica os seus erros na tarefa.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Realiza o traballo con pulcritude.

## 6. TAREFAS

Libro do alumno (A) / Proposta didáctica (PD) / Libro dixital (LD)

### Tarefa 1: Valorámonos.

- Descubrimos a situación de autoestima dos nenos e contribuímos a axustala á súa realidade.
- Descubrimos valores e carencias.
- Recoñecemos calidades dos compañeiros e propias.

### Tarefa 2: Descubrimos a importancia de confiar nun mesmo.

- Introducimos o concepto de autoconfianza.
- Realizamos exercicios do A.
- Completamos con actividades da PD e o repaso do primeiro trimestre do A.

### Tarefa 3: Aprendemos a esperar.

- Realizamos as tarefas da unidade 3 do A.
- Valoramos as vantaxes dunha actitude paciente.
- Completamos con actividades da PD.

### Tarefa 4: Organizámonos mellor.

- Entendemos as vantaxes dunha boa organización para obter o mellor rendemento do esforzo.
- Aprendemos a utilizar unha axenda de xeito adecuado.

### Tarefa 5: Axudamos na casa.

- Rexeitamos actitudes sexistas na repartición de tarefas do fogar.
- Asumimos a responsabilidade que nos corresponde na colaboración na casa.

### Tarefa 6: Valoramos aos demais.

- Recoñecemos as diferenzas entre uns compañeiros e outros sen que supoña menoscabo na consideración sobre eles.
- Entendemos a importancia da non discriminación.
- Escoitamos aos demais con atención e respecto.
- Traballamos de forma cooperativa como propón a PD.
- Realizamos os exercicios das unidades 5 e 6 do A.

### Tarefa 7: Que aprendemos?

- Realizamos as actividades de repaso do primeiro trimestre do A.
- Recompilamos as actividades para o portfolio do alumno.

## 7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.

- Traballo en grupo cooperativo: agrupar os alumnos en grupos de 3 ou 4 e utilizar as estruturas de traballo cooperativo suxeridas na Proposta didáctica para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
- Posta en común en gran grupo: despois do traballo individual ou grupal.
- Círculos de aprendizaxe.
- Exposición do profesor.

## 8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Valores Sociais e Cívicos:

- Vídeos, cancións, contos.
- Encerado tradicional ou dixital.
- Folios ou cartolinas pequenas e grandes.
- Lapis de cores e rotuladores.
- Tesoiras e pegamento.
- Reprodutor de CD e música variada.
- Posits.

### Recursos dixitais

- Libro dixital: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- A continuación recóllense algúns enlaces web: <http://anayadigital.es>

## 9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Repaso do primeiro trimestre («Recordamos o que aprendemos») no A.
- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Outros recursos: rúbrica, diana, etc. (no anexo de avaliación).

## 10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento das unidades deste trimestre?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento das unidades deste trimestre?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

## 11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe das unidades deste trimestre?
- Que é o que mellor funcionou nas unidades deste trimestre?
- Que cambiaría no desenvolvemento das unidades de cada trimestre o próximo curso? Por que?